



CICLO MULLERES GALEGAS

CONFERENCIA DE

MARISA VIDAL COLLAZO

ACHEGAS FEMINISTAS NO ITINERARIO DE EXERIA

VENRES 30 DE XUÑO DE 2023 – 20:00 HORAS
NA CASA DA CULTURA DE VILALBA



Instituto de Estudos Chairegos, en colaboración co Concello de Vilalba, organiza o venres 30 de xuño de 2023, na Casa da Cultura de Vilalba, ás 20:00 horas, a CONFERENCIA “ACHEGAS FEMINISTAS NO ITINERARIO DE EXERIA”, a cargo de **MARISA VIDAL COLLAZO**, profesora, escritora, teóloga e feminista galega, a partir dun libro da súa autoría que leva o mesmo título. Presentará o acto **MARISA BARREIRO**, presidenta do **IESCHA**.

Esta será a quinta conferencia correspondente ao ciclo **MULLERES GALEGAS**, programado polo IESCHA para levar a cabo durante todo este ano 2023. A primeira tivo lugar no mes de xaneiro e correu a cargo de GERMÁN CASTRO que nos falou da científica galega ÁNGELES ALVARIÑO; a segunda, no mes de marzo, foi impartida por VANESA SISO e levaba por título: “A cousificación e mercantilización do corpo das mulleres. Revisión das cantigas de tradición oral”; a terceira, no mes de abril, impartida por LUZ DARRIBA co título “Para reter a auga. Conversas ao redor de María Casares”, e a cuarta, a cargo de RICARDO POLÍN, no mes de maio, titulada “A que fía, ama e ora. Estampas da muller tradicional na literatura de costumes (e no gravado antigo)”.

MARISA VIDAL COLLAZO

María Luísa Vidal Collazo, máis coñecida como **Marisa Vidal Collazo**, nada en Corme en 1966, é unha profesora, escritora, teóloga e feminista galega.

Traxectoria

Estudou non IES Rosalía de Castro de Santiago, licenciouse en Química na Universidade de Santiago de Compostela e diplomouse en Ciencias Relixiosas na Universidade Pontificia Comillas ICAI-ICADE.

Foi profesora de Relixión Católica e Física e Química en educación Secundaria. Foi coordinadora da Asociación Abrandares Cristiás Galegas Exeria e participante na Rede Galega en apoio a Persoas refuxiadas, na Rede Miriam ou na Asociación de Teólogas Españolas.

Foi secretaria da mesa de redacción da revista Encrucillada na que escribiu sobre relixión, galeguismo e feminismo. Tamén colaborou en Irimia, Andaina e Nós Diario.

Obra

Eu son Exeria. Lectura feminista dunha viaxe non século IV (2022). Vigo: Galaxia. Ilustracións de Sole Pita Sanjurjo. 132 páxs. ISBN 978-84-9151-801-3.

Exeria coñecida tamén como Egeria, Echeria e Eteria, foi unha muller da Idade Antiga coñecida pola súa obra *Itinerarium Egeriae*, na que narra unha viaxe a Terra Santa. Todo parece indicar que naceu na Gallaecia, «nas ribeiras máis afastadas do océano occidental», segundo documentos do século IV, aínda que como se perdeu a primeira parte da súa obra non son poucos os autores que sitúan a súa terra de orixe na Aquitania francesa. Non obstante, estudos actuais sitúana como orixinaria do Bierzo.

ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO

